

Xaneiro-Xuño 2010

Boletín Semestral

Área de Vigo Mercado de Traballo

Características xerais da poboación
de 16 e máis anos de idade

Paro rexistrado

Contratos

Sector empresarial

Anexo estatístico



Unidade de Promoción
e Desenvolvemento
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

Área de Vigo

MERCADO DE TRABALLO

Boletín semestral

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Vía Hispanidade, 17. CP. 36203
Tlf: 986 42 33 66
updvigo@maiv.org
www.maiv.org/upd

Equipo redactor:
Andrea Pérez Saldaña

Índice

ABREVIATURAS E SIGNOS	4
FONTES.....	4
CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS	5
Actividade	5
Ocupación	6
Desemprego	7
Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego da Área de Vigo coas de Pontevedra e Galicia	8
PARO REXISTRADO	9
Evolución da cifra de paro	9
Distribución do paro por sexo e idade	11
Evolución do paro por sexo	12
Evolución do paro por sexo e idade	13
Distribución porcentual do paro por sectores económicos.....	14
Evolución do paro por sectores económicos.....	15
CONTRATACIÓN	17
A contratación segundo o tipo de contratos e o sexo	17
As 10 ocupacións más contratadas para as mulleres.....	18
As 10 ocupacións más contratadas para os homes.....	19
SECTOR EMPRESARIAL.....	20
Distribución e evolución do número de empresas por sectores económicos	20
Distribución do número de empresas por volume de empregados*	21
ANEXO ESTATÍSTICO	23
Táboa 1. Taxas De Actividade, Ocupación E Desemprego Dos Concellos Da Área De Vigo, Ano 2001	24
Táboa 2. Comparación Das Cifras De Actividade, Ocupación E Desemprego Dos Concellos Da Area Con Respecto Ás Globais Da Área De Vigo, Ano 2001	25
Táboa 3. Evolución Da Cifra De Paro Rexistrado	26
Táboa 4. Porcentaxe De Variación Da Cifra De Paro Do Mes Comparada Coa Do Mesmo Mes Do Ano Anterior	27
Táboa 5. Distribución Do Paro Por Sexo E Idade (Nº), Xuño 2009	28
Táboa 6. Distribución Porcentual Do Paro Por Sexo E Idade (%), Xuño 2009	29
Táboa 7. Evolución Do Paro Por Sexo	30
Táboa 8. Evolución Do Paro Por Sexo, Menores De 25 Anos	31
Táboa 9. Evolución Do Paro Por Sexo, 25 E Máis Anos	32
Táboa 10. Distribución Do Paro Por Sector Económico (Nº), Xuño 2009	33
Táboa 11. Distribución Porcentual Do Paro Por Sector Económico (%), Xuño 2009	34
Táboa 12. Evolución Da Cifra De Paro Por Sectores Económicos.....	35
Táboa 13. Porcentaxe De Variación Da Cifra De Paro Por Sector Económico Do Mes Comparada Coa Do Mesmo Mes Do Ano Anterior	37
Táboa 14. Número De Empresas Por Sectores Económicos	39
Táboa 15. Porcentaxe De Empresas Por Sectores Económicos	40
Táboa 16. Número De Empresas Por Volume De Empregados	41

Táboa 17. Porcentaxe De Empresas Por Volume De Empregados	¡Error! Marcador no definido.
Táboa 18. Número De Empresas Segundo A Forma Xurídica	45
Táboa 19. Porcentaxe De Empresas Segundo A Forma Xurídica.....	47

Abreviaturas e signos

AV: Área de Vigo

(Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo).

%: Porcentaxe

Nº: Número

H: Homes

M: Mulleres

T: Total

Fontes

INE: Instituto Nacional de Estadística

IGE: Instituto Galego de Estatística


SPE: Servizo Público de Emprego

Observatorio ocupacional. Consellería de Traballo

Características xerais da poboación de 16 e máis anos

Actividade

Comparación das taxas de actividade segundo sexo
Ano 2001



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A AV ten as taxas de actividade totais más altas que as da provincia e Galicia.

As taxas de actividade correspondentes a homes e mulleres do total da Área de Vigo son superiores ás da provincia de Pontevedra e Galicia. Nos tres territorios as taxas de actividade feminina continúan moi por debaixo da masculina.

A Taxa de Actividade é a porcentaxe do número de persoas activas sobre o total da poboación de 16 ou máis anos. As persoas activas son as que, nun período determinado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción.


Segundo o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE, 54,40 de cada 100 persoas de 16 e máis anos de idade formaban parte da poboación activa no conxunto da Área de Vigo. Esta taxa está por riba da de Pontevedra (52,69%) e Galicia (50,68%).

Atendendo á taxa de actividade segundo sexo, os valores más altos corresponden aos da Área de Vigo. Así, o 66,67% dos homes maiores de 16 formaban parte da poboación activa no 2001, mentres que en Pontevedra esta porcentaxe era do 65,44% e do 62,07% en Galicia. Con respecto ás mulleres, cuxos valores están moi por debaixo dos que posúen os homes nos tres espazos analizados, as súas taxas de actividade representaban un 43,30% na Área de Vigo, 23,47 puntos por debaixo dos homes. En Pontevedra, a taxa de actividade feminina era do 41,15%, lixeiramente superior en Galicia, cun valor do 40,33%.

Características xerais da poboación de 16 e más anos

Ocupación

Comparación das taxas de ocupación segundo sexo
Ano 2001



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de ocupación das mulleres está por baixo da dos homes na Área de Vigo.

As diferenzas entre a ocupación masculina e a feminina superan nos tres espazos os vinte puntos porcentuais: 24,62, 25,1 e 22,06, respectivamente para a Área de Vigo, Ponte-vedra e Galicia.

A Taxa de Ocupación é a porcentaxe das persoas ocupadas sobre o total da poboación de 16 e más anos. As persoas ocupadas son aquelas que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta aldea ou exerceron unha actividade por conta propia nalgunha das situacións especificadas polo INE.

As taxa de ocupación no ano 2001 da Área de Vigo era do 46,62%. A diferenza entre homes e mulleres era de 24,62 puntos, sendo as porcentaxes de 59,60% e 34,98%, respectivamente. Os valores totais da Área de Vigo sitúanse por riba dos de Pontevedra e Galicia, sendo respectivamente do 45,65% e do 44,34%.

No caso da taxa masculina, Pontevedra posuía valores semellantes aos da Área de Vigo, con 58,99% mentres que a Galicia correspondíalle unha taxa do 55,90%.


A taxa feminina sitúase en Pontevedra no 33,89% e en Galicia no 33,84%.

A salientar, a diferenza existente entre a ocupación de homes e mulleres, superando nos tres espazos analizados os 20 puntos.

Características xerais da poboación de 16 e máis anos

Desemprego

Comparación das taxas de desemprego segundo sexo
Ano 2001



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de desemprego na Área de Vigo supera á do conxunto de Galicia.

A taxa de desemprego xeral, e as correspondentes a homes e mulleres superan ás da provincia de Pontevedra e Galicia. A taxa de paro feminina é superior á masculina na AV e nos outros dous espazos analizados.

A **Taxa de Desemprego** é a porcentaxe de persoas desempregadas entre o total das persoas activas. Son desempregados/as as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Tamén son persoas desempregadas as que atoparon un traballo e están á espera de incorporarse a el, sempre que verifiquen as dúas primeiras condicións.

A porcentaxe de persoas desempregadas no ano 2001 na Área de Vigo era do 14,29%, mentres que para Galicia e Pontevedra as porcentaxes de desemprego para o total da poboación eran do 12,51% e 13,05% respectivamente segundo os datos do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001.

No caso das mulleres, a taxa de paro era do 19,20%, na Área de Vigo, 8,45 puntos porcentuais por riba da correspondente aos homes, que representaban o 10,75%. A taxa de paro feminina na AV era 3,11 puntos superior á galega, cuns valores de 19,20% e 16,09% respectivamente. A taxa de desemprego feminina en Pontevedra era do 17,64%.

No que respecta aos homes, as diferenzas entre a Área de Vigo , Pontevedra e Galicia son menos significativas, posuindo uns valores do 10,75%, 9,86% e 9,94%, respectivamente.

Características xerais da poboación de 16 e máis anos

Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego da Área de Vigo coas de Pontevedra e Galicia

O número de persoas activas, ocupadas e desempregadas da AV supón case a metade das da provincia de Pontevedra, e praticamente un terzo das de Galicia.

No ano 2001 o número de persoas activas da Área de Vigo supuñan o 46,07% do total da provincia de Pontevedra e o 15,79% de Galicia. Para os ocupados a porcentaxe foi do 45,58% dos ocupados de Pontevedra e o 15,46% dos de Galicia. E para os desempregados a porcentaxe acadou o 50,46%, con respecto a Pontevedra, e o 18,04%, no que atinxe ao total de desempregados de Galicia.

No tocante a mulleres e homes, as porcentaxes son moi parellas ás globais, pero coa particularidade de que as porcentaxes para o sexo feminino son superiores que para o masculino.

COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN
E DESEMPEGO DA ÁREA DE VIGO COAS DE PONTEVEDRA
E GALICIA, ANO 2001


	ÁREA DE VIGO/ PONTEVEDRA	ÁREA DE VIGO/ GALICIA
Actividade	Total	46,07%
	Homes	45,33%
	Mulleres	47,14%
Ocupación	Total	45,58%
	Homes	44,89%
	Mulleres	46,24%
Desemprego	Total	50,46%
	Homes	49,40%
	Mulleres	51,31%

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas
do 2001

Paro rexistrado

Evolución da cifra de paro

Comparación da evolución da cifra de paro rexistrado na Área de Vigo



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SPE

O paro aumentou un 50% no mes de xuño de 2010 con respecto a xuño de 2008.

Durante todo o primeiro semestre do ano 2009 as cifras de paro rexistrado estiveron moi por riba das do mesmo período do ano anterior.

Paro rexistrado: total de demandas existentes o último día do mes que se atopan en situación de alta, excluíndo aquelas demandas nas situacións descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985.

As cifras de paro do semestre comenzaron con 41.170 persoas anotadas nas listas do mes de xaneiro de 2010, e remataron o período con 40.686 demandantes no mes de xuño de 2010, o que supuxo un descenso da cifra de persoas paradas do 1,18%.

Durante todo este período o número de persoas paradas mantivo unha tendencia ascendente, coa excepción do mes de maio e xuño onde produciuse un pequeno descenso. O maior aumento foi no mes de abril, onde o número de persoas anotadas nas oficinas de emprego incrementou mais dun 5% con respecto ao comezo do período.

Se comparamos esta evolución coa do mesmo período do ano anterior, tal e como reflicte a gráfica, pódese observar como as dúas teñen unha evolución moi distante entre elas, xa que as cifras do 2010 son moi superiores ás do 2009.


Soamente nos dous últimos meses do semestre as cifras do ano 2010 descenden levemente, xa que existe unha pequena caída sufrida no paro a partir do mes de maio, o que é un reflexo da mellora económica e da posta en marcha de diversos programas potenciadores do emprego na nosa área de actuación.

Paro rexistrado

Comparación da evolución do paro da AV con Pontevedra e Galicia

Comparación da evolución do paro da Área de Vigo, Pontevedra e Galicia

Xan 10 - Xuñ 10



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SPE

O paro na AV mantén cotas constantes con respecto ao da Provincia de Pontevedra e Galicia.

Durante o semestre o numero de parados continuo con cifras constantes e elevadas ao longo de todo o período no territorio (a variación foi de algo máis dun punto), mentres que en Pontevedra e Galicia a caída nos últimos meses roldou o 4% e 5%, respectivamente.

Para realizar esta comparación tomouse como base o mes de xaneiro do 2009. Deste xeito a gráfica o que representa é a porcentaxe de variación con respecto ao devandito mes.

No semestre analizado a evolución global do número de persoas paradas acadou un leve descenso do 1,18% para a AV. No caso de Pontevedra e Galicia o descenso foi mais notorio nun 3,86% e 5,10% respectivamente. Se analizamos as datas de ditas caídas, o número de parados descendeu en todas elas nos dous últimos meses do período analizado.


Para os tres territorios (AV, Pontevedra e Galicia) a evolución da cifra de paro rexistrado foi similar, é dicir, unha fase de importante ascenso nos meses de febreiro e abril, e unha fase de paulatino descenso nos meses de maio e xuño.

O mes no que máis descendeu a cifra de desemprego foi no de xuño, no que a AV experimentou una caída do 3,25%, seguindo a mesma estala que a provincia e a comunidade autónoma, xa que acadaron unha porcentaxe de descenso do 3,91% e do 3,80%, respectivamente.

Paro rexistrado

Distribución do paro por sexo e idade

Distribución do paro por sexo e idade
na Área de Vigo
Xuño 2010



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado.SPE

O 51,80% das persoas paradas da AV son mulleres de 25 e máis anos de idade.

No mes de xuño do 2010 a análise das cifras de paro rexistrado diferenciando por sexo e idade mostra que a maior parte das persoas paradas da AV son mulleres de 25 e máis anos.

A distribución do paro por sexo e idade ensina a porcentaxe que sobre o total representa a cifra de paro para os homes ou mulleres, diferenciando entre os e as menores de 25 anos e os e as de 25 e máis anos. Cada un destes estratos poboacionais conforma un grupo homoxéneo en si e cun comportamento diferenciado.

Na análise da cifra de paro rexistrado diferenciando o sexo e a idade das persoas demandantes, pódese ver para o mes de xuño de 2010, onde o grupo máis numeroso constitúeno o das mulleres paradas de 25 ou máis anos (51,80%). Tras el, pero a bastante distancia, sitúase o grupo dos homes parados de 25 e máis anos (39,02%).

Por detrás destes dous grupos, están os homes parados menores de 25 anos, que supoñen o 5,26% das persoas paradas da AV, e as mulleres paradas menores de 25 anos, que representan o 3,92% do total.

Paro rexistrado Evolución do paro por sexo


A diferenza entre o paro masculino e o feminino mantívose constante ao longo do período

Partindo da diferenza significativa entre o paro masculino e o feminino no AV a súa traxectoria foi semellante, deixando aos meses de febreiro, marzo e abril como aqueles onde as cotas alcanzaron as cifras mais elevadas para o presente semestre.

Evolución do paro por sexo na Área de Vigo,

25 e más anos

Xan 10 - Xuñ 10



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SPE


A cifra do paro feminino estivo por riba da masculina durante todo o semestre (xaneiro a xuño de 2010), cunha diferenza praticamente constante entre eles, xa que a cifra de mulleres en paro representou ao longo de todo o período o redor do 124% da masculina.

O medio existente para demostrar a sobre representación da muller nas cifras de paro a proporcionan a análise do mes de xuño, onde o total de mulleres é de 55,72% fronte ao 44,28% dos homes con respecto ao total.

Na evolución das cifras de desemprego, pódese ver como, mentres que a media de homes desempregados roldou os 18.800 (excepto no mes de marzo), as mulleres sempre flutuaron nun intervalo superior (22 a 23 mil), polo que son estas últimas as que máis sufrieron a situación económica existente no período analizado (crise económica).

Paro rexistrado


Evolución do paro por sexo e idade



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SPE

As cifras de paro para os homes menores de 25 anos experimentaron un descenso no semestre

Os valores acadados polos mulleres menores de 25 anos descendeu 2,57% no semestre, mentres que o número de homes desempregados baixaron algo mais , 3,43%. De todos modos, ao final do semestre o número de homes parados menores de 25 anos acadara case 15 puntos porcentuais mais cas porcentaxes para as mulleres da mesma franxa con respecto a totalidade das persoas paradas pertencentes a este tramo de idade.



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SPE


As diferenzas entre mulleres e homes parados de máis de 25 anos foi constante durante o período.

Ao longo de todo o período a diferenza no número de parados permaneceu constante ao longo de todo o período, representando a redor dun 1,30 veces superior o número de mulleres paradas que o dos homes do mesmo tramo de idade.

Paro rexistrado

Distribución porcentual do paro por sectores económicos

Distribución do paro por sexo e idade
na Área de Vigo
Xuño 2010



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SPE

O 56,34% das persoas paradas da AV proveñen do sector servizos.

O sector servizos foi, en xuño do 2010, o que achegou un maior número de parados/as, posto que más da metade dos desempregados/as da área proviñan deste sector.

Para analizar a distribución do paro rexistrado por sectores económicos tivéreronse en conta as cifras do mes de xuño de 2010, diferenciando os parados/as que proveñen da agricultura/gandaría, da industria, da construcción, dos servizos e os que non tiveron un emprego anterior.

O sector servizos foi o que achegou un maior número de parados/as en xuño de 2010, chegando a acadar os 22.922 e supondo o 56,34% do total das persoas paradas.

Por detrás sitúase o sector industria, que acadaba os 7.722 parados/as e representaba o 18,98% da cifra global de paro rexistrado.


As persoas sen emprego anterior conformaban o seguinte grupo en importancia, con 4.966 desempregados/as e o 12,21%.

As persoas paradas que proviñan das actividades da construcción son o cuarto grupo en importancia, supondo 4.412 persoas e o 10,84%.

Por último, o sector agrogandeiro achega o 1,63% dos desempregados/as o que comporta unha cifra de 664 persoas desempregadas.

Paro rexistrado

Evolución do paro por sectores económicos



O período caracterízase por a súa estabilidade en todos os sectores económicos no desemprego na Área de Vigo.

Ao final do período o sector que máis aumento nas súas cifras de desemprego fora o grupo de poboación que non dispónan de traballo con anterioridade, que o fixera nun 10,04%, debéndose a súa coincidencia coa finalización do curso. Nos restantes sectores a evolución do desemprego tendeu ao descenso, destacando o sector da agricultura e gandaría cunha porcentaxe do 8,41%, seguido do sector da construcción onde o descenso acadou o 4,34%. No terceiro lugar, atopamos o sector servizos onde a variación acadou un -2,65%. Destaca a situación, do desemprego na industria, onde ao longo de todo o período a súa evolución caracterízase pola súa estabilidade, aspecto que reflíctase no -0,67% de variación porcentual acadada.

En canto á comparación coas cifras do ano anterior, pódese ver un aumento xeneralizado no número de parados en sectores económicos como as persoas que non traballaran con anterioridade, o sector servizos e a construcción, onde para o mes de xuño as porcentaxes foron dun aumento de 38,99%, 7,50% e 8,99% respectivamente. A excepción a experimentou o sector industria e agricultura, xa que no primeiro dos casos a evolución tendeu a equipararse coas cotas alcanzadas no mesmo período do ano 2009, e con respecto ao sector agricultura e gandaría a evolución resultou irregular para cada un dos meses tratados en comparación co período anterior.

PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES E SECTOR ECONÓMICO
CON RESPETO Á DO MESMO MES E SECTOR DO ANO ANTERIOR

Período	Agricultura/ gandaría	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
Xan 09/ Xan 08	-7,76%	6,77%	20,35%	14,06%	6,82%
Feb 09/Feb 08	-4,59%	3,44%	16,19%	10,51%	6,67%
Mar 09/Mar 08	2,06%	-1,45%	13,58%	6,95%	48,99%
Abr 09/Abr 08	0,59%	3,75%	12,86%	9,40%	44,20%
Mai 09/Mai 08	-1,47%	1,66%	11,29%	8,83%	39,71%
Xuñ 09/Xuñ 08	3,75%	-0,22%	8,99%	7,50%	38,99%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SPE

Contratacóns¹

A contratación segundo o tipo de contratos e o sexo

DISTRIBUCIÓN DA CONTRATACIÓN SEGUNDO TIPO E SEXO NA ÁREA DE VIGO. 1º SEMESTRE 2010

Sector de actividad	Mulleres		Homes		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Indefinido	1.846	5,92%	2.700	7,66%	4.546	6,84%
Indefinido tempo parcial	1.047	3,36%	669	1,90%	1.716	2,58%
Temporal	15.735	50,44%	24.080	68,34%	39.815	59,93%
Temporal tempo parcial	12.078	38,72%	7.051	20,01%	19.129	28,80%
Prácticas/Formación	337	1,08%	259	0,74%	596	0,90%
Outros	152	0,49%	477	1,35%	629	0,95%
TOTAL	31.195	100,00%	35.236	100,00%	66.431	100,00%

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Os contratos temporais supuxeron o 88,73% das contratacóns do primeiro semestre do ano 2010, afectando en maior medida ás mulleres que aos homes.

No primeiro semestre do ano 2010 asináronse na Área de Vigo 66.431 contratos, dos que o 53,04% lles corresponderon aos homes e o 46,96% ás mulleres.

O 88,73% dos contratos celebrados na AV foron realizados coas modalidades de contratación temporal, sendo as tipoloxías de temporal (59,93%) e temporal a tempo parcial (28,8%) as más empregadas no primeiro semestre do ano 2010. Destas modalidades, a de tempo completo foi máis empregada polos que polas mulleres, 68,34% e 50,44%, respectivamente; a modalidade de tempo parcial foi empregada no 38,72% dos contratos feitos ás mulleres e no 20,01% nos contratos feitos aos homes.

No tocante ás modalidades de contratación indefinida, a tipoloxía de contratación a tempo completo supón o 6,84%, mentres que a contratación a tempo parcial supón o 2,58%. Dentro desta última tipoloxía de contratación, ten maior peso a contratación feita a mulleres (3,36%) que a homes (1,90%).

O resto das modalidades de contratación, prácticas/formación e outras modalidades, tiveron unhas porcentaxes que non superaron o 2% do total de contratos, sendo respectivamente do 0,9% e do 0,95%.

¹Área de Vigo entendida neste caso como Comarca de Vigo, pola importante carencia de datos queda excluído da análise o concello de Salvaterra de Miño.

Contratacóns

As 10 ocupacións más contratadas para as mulleres

Ocupacións máis contratadas polas mulleres demandantes de emprego da Área de Vigo. 1º semestre 2010

Ocupación	Nº	%
Dependentes e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos e mercados	4.182	21,24%
Peonas de industrias manufactureiras	861	19,61%
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	3.083	15,66%
Camareiras, barmans e asimilados	2.920	14,83%
Peonas do transporte e descargadores	876	4,45%
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	869	4,41%
Cociñeiras e outras preparadoras de comidas	851	4,32%
Taquígrafas e mecanógrafas	825	4,19%
Outras diversas profesionais do ensino	822	4,17%
Telefonistas	714	3,63%

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

As contratacóns realizadas a mulleres na Área de Vigo están moi concentradas en ocupacións relacionadas co sector servizos e en ámbitos claramente feminizados.

Para as mulleres da Área de Vigo as 10 ocupacións más contratadas no primeiro semestre do ano 2010 supoñen o 63,12% das contratacóns realizadas, correspondéndolle a maior parte delas ao sector servizos, pois oito das dez ocupacións corresponden a este sector, representando o 75,94% das contratacóns.

Das 31.195 contratacóns feitas ás mulleres na Área de Vigo durante o semestre, o 21,24% correspondeuse coa de *Dependentes e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos e mercados*. A esta ocupación seguironlle as ocupacións de *Peonas de industrias manufactureiras* (19,61%), *Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares (camareiras de piso)* (15,66%) e *Camareiras, barmans e asimilados* (14,83%), *Peonas do transporte e descargadores*, *Auxiliares de enfermaría hospitalaria*, e *Cociñeiras e outras preparadoras de comidas*, cun 4,45%, cun 4,41% e cun 4,32%, respectivamente.

O resto das ocupacións, repártense con homoxeneidade os contratos de traballo restantes.

Contratacóns

As 10 ocupacións más contratadas para os homes

Ocupacións más contratadas polos homes demandantes de emprego da Área de Vigo.
1º SEMESTRE 2010

Ocupación	Nº	%
Peóns de industrias manufactureiras	6369	34,99%
Peóns do transporte e descargadores	3440	18,90%
Camareiros, barmans e asimilados	1613	8,86%
Albaneis e canteiros	1260	6,92%
Condutores de camións	879	4,83%
Outros diversos profesionais do ensino	799	4,39%
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	779	4,28%
Chapistas e caldeireiros	707	3,88%
Compositores, músicos e cantantes	540	2,97%
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	665	3,65%

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

As contratacóns realizadas a homes na Área de Vigo están bastante repartidas en ocupacións vinculadas cos sectores industrial, servizos e construcción.

Para os homes da Área de Vigo as 10 ocupacións más contratadas no primeiro semestre do ano 2010 representan o 41,16% das contratacóns realizadas ao longo de todo o período, estando, bastante repartidas entre os sectores industrial, de servizos e da construcción.

Das 35.236 contratación feitas aos homes na Área de Vigo durante o semestre, o 34,99% correspondeuse coa de *Peóns de industrias manufactureiras*. A esta, séguenlle as ocupación de *Peóns do transporte e descargadores* (19,90%), *Camareiros, barmans e asimilados* (8,86%) e *Albaneis e canteiros*(6,92%)


O resto das ocupacións acadaron porcentaxes que roldan o son moi inferiores ao 5%.

Sector empresarial

Distribución e evolución do número de empresas por sectores económicos

Distribución porcentual do número de empresas por sectores económicos na Área de Vigo

Ano 2008




Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

O sector Servizos acapara o 80,86% das empresas da AV.

O número de empresas da área situouse en 34.394 no 2008, o que supuxo un crecemento do 2,94% con respecto ao 2007. No número de empresas destaca sobre todo o sector *Servizos* (80,86%), seguido pola *Construcción* (11,42%) e a *Industria* (7,72%).

Evolución do número de empresas por sectores económicos.

2003-2008



Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE

A Construcción foi o sector que máis medrou no número de empresas no período 2003-2008.


No período 2003-2008 o crecemento global do número de empresas foi do 22,7%.

Por sectores, o número de empresas do sector da *Construcción* medrou un 40,29%, mentres que o das empresas do sector *Servizos* facío nun 21,76% e as da *Industria* nun 11,09%.

Sector empresarial

Distribución do número de empresas por volume de empregados*

Número de empresas por volume de empregados/as na
Área de Vigo. Ano 2008



Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

Microempresa: de 0 a 9 asalariados. **Pequena empresa:** de 10 a 49 asalariados. **Mediana empresa:** de 50 a 249 asalariados. **Gran empresa:** más de 250 asalariados.

Considérase asalariado á persoa que participa na actividade económica a cambio dunha remuneración (en metálico ou en especie) ou dunha participación nos beneficios

O 93,39% das sociedades da AV son Microempresas.

O tamaño medio das empresas da área é bastante baixo, posto que o 95,23% das mesmas non teñen máis de 6 asalariados.

Ademais, este tamaño mantívose estancado posto que no ano 2003 a porcentaxe de microempresas era do 93,03%.

No ano 2008 había 34.394 empresas na Área de Vigo. A maior parte destas empresas (93,39%) tiña menos de 9 empregados e só un 0,09% das mesmas tiñan máis de 250 empregados, o que conforma un enramado empresarial dun tamaño reducido.

Por outro lado, a forma xurídica maioritaria das empresas da AV é a de autónomos, constituíndo o 51,81% do empresariado, seguido das sociedades de responsabilidade limitada, cun 38,63%. O resto de formas xurídicas teñen unha importancia moi residual.

NÚMERO E PORCENTAXE DE EMPRESAS SEGUNDO A FORMA XURÍDICA. ANO 2008

Forma xurídica	Nº	Porcentaxe
Pessoas físicas	17.820	51,81%
Sociedades Anónimas	1.014	2,95%
Sociedades de Responsabilidade Limitada	13.287	38,63%
Sociedades Cooperativas	131	0,38%
Outros	2.142	6,23%
Total	34.394	100%

Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

ANEXO ESTATÍSTICO

Área de Vigo

TÁBOA 1. TAXAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA ÁREA DE VIGO, ANO 2001

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterre de Miño	Soutomaior	Vigo	
Actividade	Total	56,21	38,18	55,85	54,07	54,94	50,08	55,71	56,47	54,79	45,49	50,26	54,47
	Homes	68,93	56,35	70,63	69,20	70,15	66,00	72,31	68,65	72,31	62,89	63,57	65,83
	Mulleres	44,03	22,97	41,73	39,82	40,69	36,71	40,58	45,11	38,54	29,55	38,16	44,43
Ocupación	Total	52,20	25,67	49,76	46,45	50,36	36,76	48,35	48,47	49,59	39,26	40,13	46,33
	Homes	65,21	40,53	65,36	62,57	65,89	51,70	65,87	61,87	68,28	56,08	55,52	58,23
	Mulleres	39,74	13,24	34,84	31,26	35,80	24,21	32,39	35,97	32,25	23,86	26,15	35,83
Desemprego	Total	7,14	32,76	10,91	14,10	8,34	26,59	13,21	14,17	9,49	13,69	20,15	14,93
	Homes	5,40	28,09	7,46	9,58	6,07	21,66	8,90	9,87	5,56	10,84	12,67	11,54
	Mulleres	9,74	42,36	16,50	21,49	12,01	34,03	20,19	20,27	16,33	19,26	31,47	19,37

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do censo de poboación e vivenda do 2001

Área de Vigo

TÁBOA 2. COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA ÁREA CON RESPECTO ÁS GLOBAIS DA ÁREA DE VIGO, ANO 2001

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Actividade	Total	2,76%	0,37%	3,01	3,42%	3,95%	0,71%	3,91%	7,46%	1,54%	1,7%	1,25%
	Homes	2,85%	0,43%	3,2	3,66%	4,21%	0,73%	4,17%	7,54%	1,69%	1,93%	1,3%
	Mulleres	2,63%	0,29%	2,74	3,09%	3,6%	0,67%	3,55%	7,35%	1,34%	1,37%	1,18%
Ocupación	Total	2,99%	0,29%	3,13	3,43%	4,23%	0,6%	3,96%	7,47%	1,63%	1,71%	1,16%
	Homes	3,02%	0,35%	3,32	3,71%	4,43%	0,64%	4,26%	7,61%	1,79%	1,93%	1,32%
	Mulleres	2,94%	0,21%	2,83	3%	3,92%	0,55%	3,51%	7,25%	1,39%	1,37%	1%
Desemprego	Total	1,38%	0,85%	2,3	3,37%	2,31%	1,31%	3,62%	7,4%	1,03%	1,62%	1,76%
